

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 8 DE MAIO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día oito de maio de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 2 de Maio do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CONDICIÓNNS URBANÍSTICAS

Vista a solicitude de don **Jose A. Iglesias Alonso**, representante de Técnicas y Montajes Frigoríficos de Vigo S.L.. con domicilio na rúa Manuel Lemos, 44, bis, Local 4, A Ramallosa, Nigrán (Pontevedra), na que interesa informe urbanístico aplicable o Parque Empresarial de Ribdavia sito en San Cristovo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 05.05.06, que literalmente di:

”A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM, publicadas nos BOP nº 239 de 16 de outubro de 1986 e nº 66 de 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA de 19 de xuño de 1991.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº.252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro; así como disposicións concurrentes. No sucesivo LOUGA.

1. Secuencia da planificación do Parque Empresarial de Ribadavia.

- a. Modificación Puntual.
Publicada no B.O.P. del 24/09/98.
 - b. Plan Parcial.
Publicado no B.O.P. del 10/11/98.
 - c. Proxecto de Urbanización.
Aprobación definitiva: Pleno de 21 de setembro de 1999.
Anuncio DOGA nº 205 de 22 de outubro de 1999.
 - d. Modificación Puntual Plan Parcial.
Publicado no B.O.P. do 28 de febreiro de 2004.
2. Son de aplicación as disposicións que con carácter xeneral lle son de aplicación á actividade a implantar.
- 3.1. Real Decreto 2267/2004, de 3 de decembro, por o que se aproba o Regulamento de Seguridade Contra Incendios, nos establecementos industriais.
 - 3.2. E concurrentes de obrigado cumprimento.
3. Encóntrase urbanizada a Primeira Fase, así definida na documentación urbanística e técnica oficial.
- 4.1. Esta primeira fase corresponde a solo urbano na categoría de consolidado, Art. 12. a) da LOUGA.
4. A solicitude de licenzas para algunha actuación prevista na Ordenación Urbanística, se tramitara según o procedemento establecido por o Art. 195, da LOUGA así como no R.A.M.
5. Axúntase co presente informe:
- a. Plano de Situación, E 1: 10.000
 - b. Plano Sección Tipo de Vial, E 1: 50
 - c. Plano División de Polígonos, E 1: 1.000. (1ª Fase solo U.C.)
 - d. Plano Parcelario Resultante, E 1: 1.000”.

Vista a solicitude de don **Francisco Losada Alonso**, con domicilio na avenida da Florida nº 32, 8ºL, Vigo na que interesa informe urbanístico aplicable a un inmovible sito no camiño Campo de Fútbol de San Cristovo (Ref.. Catastral núm.. 15.45.7-05), a Xunta de

Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 05.05.06, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM, publicadas nos BOP nº 239 de 16 de outubro de 1986 e nº 66 de 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA de 19 de xuño de 1991.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº.252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro; así como disposicións concurrentes. No sucesivo LOUGA.

1. O Art. 16. Solares, da LOUGA, establece as esixencias para merecer esta condición de solar unha parcela.
2. A parcela con Referencia Catastral 15.45.7-05, da fronte a un camiño (Camiño Campo de Souto), que según as NNSSM, como planeamento anterior á LOUGA, e sen axustarse a esta; e que entre outras disposicións a cumprir será a que se establece no Art. 48 “Normas de calidade Urbana”.
3. O planeamento anterior non axustado á LOUGA, establece as seguintes clases de solo:
 - 3.1 Urbano que non cumpre o prescrito no Art. 12-a). UM-USOS MIXTOS. Correspondente á Ordenanza 4.7 USOS MIXTOS.
 - 3.2 D-DOTACIONAL, Ordenanza 4.4.
 - 3.3 Solo de viales, con ancho total de 15 metros.
4. Á vista do planeamento anterior e lexislación urbanística vixente. (LOUGA) É necesaria a revisión e adaptación das áreas de Solo Urbano non consolidado, mediante a correspondente modificación do planeamento anterior.
 - 5.1. Estarase ao que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como á Carta de Orden Oficial do Director Xeral de Urbanismo e de data 14 de marzo de 2006, RENº 1187.
5. Axúntase co presente informe datos do planeamento anterior:
 - a. Lenda Organización Espacial.
 - b. Plano Cartografía Oficial, E 1: 2.000

c. Plano Catastral”.

Vista a solicitude de don **Francisco Losada Alonso**, con domicilio na avenida da Florida nº 32, 8ºL, Vigo na que interesa informe urbanístico aplicable a un inmovible sito no camiño Campo de Fútbol de San Cristovo (Ref.. Catastral núm.. 15.45.7-03), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 05.05.06, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello corresponde ás NNSSM publicadas no BOP Nº 66 de 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA. de 19 de xuño de 1991.

Consta informe de condicións de aplicación ao PERI por parte da Consellería de Cultura, de data 6 de maio de 1995.

Informe da Dirección Xeral de Urbanismo de data 30 de agosto de 2000. Aprobación definitiva do PLAN ESPECIAL do CASCO ANTIGUO de SAN CRISTÓBAL, do 18 de setembro de 2000. DOGA Nº 218 de 10 de novembro de 2000.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº.252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro; así como disposicións concurrentes. No sucesivo LOUGA.

1. O Art. 16, Solares, da LOUGA, establece as esixencias para merecer esta condición de solar unha parcela.
2. A parcela corresponde ao ámbito do PERI de San Cristóbal, afectada en parte por o arroio denominado “Regueiro” e consecuentemente son terreos inundables.
3. A área na que se encontra a parcela de referencia e según o planeamento anterior, establécense as seguintes clases de solo:
 - 3.1 Urbano, que non cumpre o prescrito no Art. 12-a, Ordenanzas UMA-III e UMB-II.
 - 3.2 Solo Espacio Libre, de uso privado.
 - 3.3 Solo de Protección do río.
 - 3.4 Solo de Viales, con anchos totais de 12 e 15 metros.

- 4 A vista do planeamento anterior e lexislación urbanística vixente. (LOUGA) e necesaria a revisión e adaptación das áreas de Solo Urbano non consolidado, mediante a correspondente modificación do planeamento anterior.

- 4.1 Estarase o que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como a carta de orden oficial do Director Xeral de Urbanismo dirixida o Alcalde –Presidente do Concello con data 14 de marzo de 2006, r.e.nº 1187.

- 5 Axuntase co presente informe datos do planeamento anterior:

- 5.1 Plano Ordenación e Xestión a Escala 1: 1.000, Plano nº 3.
 - 5.2 Plano Ordenación e Xestión, LENDA.
 - 5.3 Plano de Alineacións a Escala 1: 500. Plano nº 2.
 - 5.4 Ordenanza Usos Mixtos. 3.2.2.
 - 5.5 Plano Catastral.”

Vista a solicitude de don **Manuel Meiriño Martínez**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 45, 1º, no que interesa informe urbanístico aplicable a un inmovible sito na rúa Muñoz Calero nº 9 (Ref.. Catastral núm.. 10.33.5-07), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 05.05.06, que literalmente di:

1. “A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponden ás NNSSM publicadas nos BOP 239 de 16 de outubro de 1986 nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes. No sucesivo LOUGA.

2. Na parcela con Referencia Catastral 10.33.5, encóntrase unha construción inacabada e sen cubrir augas de B+III e que se usou durante anos como almacén de materiais de construción.
3. O planeamento urbanístico anterior non axustado á LOUGA, establece na súa clasificación do solo:

- 3.1 Urbano, regulado por a Ordenanza R.C, RESIDENCIAL CERRADA 4.1.

4. A área onde se encontra enclavada a parcela, corresponde a solo urbano, cunha malla de camiños, servicios etc., que requiren da súa correspondente supresión e acomodación á lexislación urbanística vixente.

4.1 Consecuentemente, é un Solo Urbano na Categoría que establece o Art. 12-b, Solo Urbano non Consolidado.

5. Estarase ao que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como á Carta de Orden Oficial do Director Xeral de Urbanismo e de data 14 de marzo de 2006, RE N° 1187.

6. Axúntase co presente informe:

6.1 Lenda Organización Espacial, NNSSM.

6.2 Plano Cartografía NNSSM, E 1: 2.000.

6.3 Plano Catastral.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“Da Dirección Xeral de Transportes, comunicando modificacións das condicións particulares de prestación da V-7014XG-388, da empresa Ojea S.A”..

-“ Do Instituto da Xuventude, Resolución relativa o expte. ES-511-11-2006-R1”.

-“ Do Instituto da Xuventude, Resolución relativa o expte. ES-12-10-2006-R1”.

-“ Do Instituto da Xuventude, Resolución relativa o expte. ES-22-31-2006-R1”.

-“ Do Instituto da Xuventude, Resolución relativa o expte. ES-512-5-2006-R1”.

-“ Do Instituto da Xuventude, Resolución relativa o expte. ES-512-6-2006-R1”.

-“ Do Instituto da Xuventude, Resolución relativa o expte. ES-511-10-2006-R1”.

- “ Convenio de Colaboración entre o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e o Concello de Ribadavia para a financiación de varias actuacións de compañías de teatro dentro da programación da “XXII Mostra Internacional de teatro de Ribadavia (MIT)”.

-“Da Dirección Xeral de Patrimonio, comunicando control arqueolóxico das obras de recuperación da rectoral de Santo André de Camporredondo (Ribadavia, Ourense)”.

-“De Caixanova, comunicando concesión de subvención de 2.000 euros para o proxecto denominado “Musicas 06”.

-“ Da Axencia Tributaria de Ourense, referente a competencia de xestión en materia de recadación”.

- “ De Sogama, relativo a solicitudes para levar a cabo actuacións de comunicación. Convenio Marco Xunta de Galicia-Ecoembes”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ORDE DO 31 DE MARZO DE 2006 POLA QUE SE REGULAN AS BASES QUE REXERAN AS SUBVENCIONS DIRIXIDAS A CONCELLOS E MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS PARA O FOMENTO E REALIZACION DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO.

“Vista a Orde de 31 de Marzo de 2006 pola que se regulan as bases polas que rexeran as subvencións dirixidas a Concellos e Mancomunidades de Municipios para o fomento e realización de actividades de, publicada no DOGA nº 72, de 12 de abril de 2006.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada o fomento e realización de actividades de voluntariado, de acordo co artigo 6.2.d) da Orde.

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente slicitude coa documentación sinalada no artigo 6 da mesma.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo a Vicepresidencia da Igualdade e Benestar.

PREMIO ABRENTE PARA TEXTOS TEATRAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, en relación coas actividades a desenvolver na vindeira Mostra Internacional de Teatro, acorda o seguinte:

1º.- Acordar a creación do premio Abrente para textos teatrais escritos en galego.

2º.- Prestar a aprobacións as bases que se achan no expediente, acordando darlle a maior difusión posible co obxecto de contribuir a máxima participación posible.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o presuposto da empresa Wurth Software e Servicios relativa a aplicación informática Wintask (Padrón de Habitantes), por importe de 2.446,44 euros.

CERTIFICACIÓN N°1 DA OBRA DENOMINADA MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA RUA BANDA LIRA. CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a certificación número 1 da obra denominada “Mellora de accesibilidade na rúa Banda Lira. Casco Histórico de Ribadavia”, por un importe total de 57.567,81 euros; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: Feder, 28.605,44 euros; Imsero, 4.904,78 euros; Fundación Once, 2.861,12 euros; Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, 16.700,42 euros e Concello, 4.496,05 euros.”

CERTIFICACIÓN N°3 DA OBRA SANEAMENTO SANTO ANDRÉ E A QUINZA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a certificación número 3 da obra denominada “Saneamento Santo André a Quinza”, POL 2005, Obra núm. 8/476, por un importe total de 14.235,42 euros; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: do Estado, 589,35 euros; Feder/Map, 1.375,14 euros; Feder/A.L, 8.588,23 euros; Deputación, 472,62 euros e Concello, 3.210,08 euros.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as seguintes facturas presentadas por Aqualia:

- Instalación dunha reductora de presión na Veronza, por importe de 3.132 euros.
- Arqueta de Saneamiento en San Cristovo, por importe de 202,04 euros.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.